| B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. | EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma. |
| B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades | EFB6.1.2 - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. |
| B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. | EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos: Análise de produción do alumnado, mediante contacto telefónico, correo electrónico e aula virtual, con fotografía, vídeos ou textos explicativos.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos: Folla de rexistro de actividades onde se irá tomando nota de todas as tarefas enviadas e comunicadas.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.<br><br>Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.<br><br>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redondease a esa unidade.<br><br>
<table>
<tr><td>1ª</td><td>2ª</td><td>Media</td><td>50% ou +</td><td>- do 50%</td></tr>
<tr><td>7</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>6</td></tr>
<tr><td>6</td><td>5</td><td>5,5</td><td>6</td><td>5</td></tr>
<tr><td>8</td><td>9</td><td>8,5</td><td>9</td><td>8</td></tr>
</table>
O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.<br><br>Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .<br><br>Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Todas as actividades a realizar buscarán o traballo, dentro das posibilidades actuais, das habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións).<br>Se pretenderá en todo momento traballar dende o xogo e a imaxinación, o traballo manipulativo e a creatividade.<br><br>***Proposta de traballo (modificable):***<br>- Elaboración de xoguetes con material de refugallo<br>- Táboa de retos relacionados coa actividade física<br>- O camiño das letras (Letras Galegas)<br>- O xogo da oca (actividades relacionadas coas HMB)<br>- Xogo de serpes e escadas |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos os contidos van ser subidos á aula virtual:<br>- Algúns mediante tutoriais de descarga en vídeo, así como tamén con ligazón a unha canle de youtube, para poder visualizar a actividade.<br>- Outras actividades serán mediante ligazón á prataforma interactiva Genially.<br><br>Do mesmo xeito, para o alumnado que así o precisa, será enviado de xeito impreso, as explicacións con fotografías para poder seguir os pasos (no caso dos vídeos), e material impreso da mesma actividade que o Genially (para facela en papel en lugar de interactiva). |
| **Materiais e recursos** | - Material de refugallo (varias opcións, para conseguir que poidan facer algún dos xoguetes).<br>- Material convencional dunha casa (cadeiras, cama, sofá, vasoira, latas, papel hixiénico, paredes…) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Todo o material se irá subindo semanalmente a aula virtual así como enviado impreso ao alumnado que así o precisa.<br><br>O titor/a de cada curso estará informado da actividade, pola súa relación mais directa en comunicación co alumnado e familias.<br><br>As charlas periódicas por Cisco Webex, tamén serán empregadas para ir informando e falando da actividade actual.<br><br>Cada actividade recibida, é valorada mediante contacto (telefónico, correo electrónico ou aula virtual segundo o caso), para establecer un feedback co alumnado. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# Adaptación da Programación Didáctica

**Curso 2019-2020**

## CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

## CURSO: 3º

## DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN MUSICAL

## DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# 1. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Imprescindibles

Estándares tirados do Perfil Competencial

| Criterio de Avaliación | Estándar de Aprendizaxe Avaliable |
|---|---|
| B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas | EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. CCL |
| | EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. CSC |
| | EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. CCEC |
| B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. | EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar. CAA |
| B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. CSIEE |
| B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. CD |

# 2. Avaliación e Cualificación.

| Avaliación e cualificación | | |
|---|---|---|
| Avaliación | Procedementos: | Observación directa. Probas escritas. Análise das producións motrices, plásticas, escritas e musicais |
| | Instrumentos: | Rúbricas, Escalas de Estimación, Observación. |

| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| Cualificación final. Procedemento | Media das notas da 1ª e 2ª Avaliacións.<br>Valoración do traballo da 3ª avaliación terase en conta a partir do 15 de Maio:<br>Se o traballo realizado é 50% ou máis, a nota súbese á seguinte unidade,<br>Se o traballo realizado non chega ao 50%, a nota redondéase nesa unidade. |

# 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Creación do Blogue da Aula de Música: Música e Máis cousas (https://lauramusicaemaiscousas.blogspot.com)

Creación dun correo gmail, (lauramusicaemais@gmail.com) ao que poidan enviar materiais creados nas casas, no caso de carecer de medios. Foi creada esta conta por non contar con espazo suficiente no correo corporativo @edu.xunta.gal

Creación dunha modesta canle de You-Tube, para publicar material audiovisual accesible a tódolos tipos de dispositivos electrónicos, sen necesidade de descarga. (Só se publican imaxes da propia mestra, non imaxes dos nenos e nenas).

| 3º Trimestre | | |
|---|---|---|
| Actividades | Audición activa.<br>Repaso de contidos xa impartidos, ou que poidan ser traballados de forma autónoma polo alumnado.<br>Propostas de actividades que poidan realizarse en familia e entre irmáns de diferentes cursos.<br>Todas elas con **materiais creados** específicamente, en galego e adaptado aos coñecememntos previos do alumnado. | |
| Metodoloxía | Alumnado con conectividade | Temario na **Aula Virtual** do Centro.<br>Actividades na **Aula Virtual** do Centro.<br>Cuestionarios en forma de **xogos interactivos**, que motiven a aprendizaxe. |
| | Alumnado con conectividade limitada ao móbil ou tableta | Creación de materiais e propostas no **blogue da aula de música,** sen necesidade de descarga.<br>Creación e publicacións periódicas nunha canle propia de **You-Tube**, para facer accesible o material audiovisual, sen necesidade de descarga. |
| | Alumnado sen conectividade | Para o alumnado que precisara recuperar, envío de **materiais fotocopiados.** |

| 3º Trimestre | |
|---|---|
| Materiais e recursos | Creación de **materiais didácticos en galego**, específicos que poidan traballarse dende a casa.<br>Creación de **materiais interactivos** como xogos on-line, para que poidan realizar aprendizaxes activas. |

# 4. Información e publicidade.

| | |
|---|---|
| Información ao alumnado | **Atención e resposta diaria aos correos e mensaxes** da Aula Virtual, Edixgal e do correo do blogue. |
| Información ás familias | **Atención diaria aos correos** que chegan ao correo corporativo @edu.xunta.gal e @gmail.com<br>Creación dun apartado de **indicacións pedagóxicas** para as familias, indicando o que se espera de cada actividade proposta, para que capten os obxectivos de cada proposta pedagóxica, no caso das actividades para os máis pequenos. |
| Publicidade | Publicación semanal no blogue, canle de You-Tube das actividades e novidades.<br>Publicación na páxina web do centro<br>Información dos criterios de avaliación por parte do centro |

Laura Bello Paderne

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
CURSO: 2º PRIMARIA
MATERIA: ARTS
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| EPB2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | EPB2.1.1 Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. |
| EPB2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | EPB2.1.2 Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc. para a composición de obras. |
| EPB2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | EPB2.1.4 Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. |
| EPB2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | EPB2.1.8 Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. |
| EPB2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | EPB2.1.10 Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos: Análise da produción do alumnado. (utilizando diferentes medios como correo, teléfono ou aula virtual).</td></tr>
<tr><td>Instrumentos: Fichas de Rexistro das actividades.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.<br><br>Calcularase a nota media da primeira e da segunda avliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.<br><br>Se o traballo realizado é a mitade ou máis da mitade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da mitade (menos do 50%) a nota redóndease a esa unidade.<br><br>
<table>
<tr><th>1ª</th><th>2ª</th><th>Media</th><th>50% ou máis</th><th>Menos do 50%</th></tr>
<tr><td>7</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>6</td></tr>
<tr><td>6</td><td>5</td><td>5,5</td><td>6</td><td>5</td></tr>
<tr><td>8</td><td>9</td><td>8,5</td><td>9</td><td>8</td></tr>
</table>
<br>O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.<br><br>Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .<br><br>Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades serán de repaso e reforzo de técnicas traballadas durante o 1º e 2º trimestre con temáticas como as letras galegas, a reciclaxe e artistas importantes. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | As diferentes tarefas están colgadas na Aula virtual do centro, a través de documentos Pdf, vídeos, lingazóns Url entre outros.<br><br>No caso do alumnado sen conectividade enviáselle esa mesma actividade nun paso a paso a través dun documento Pdf . |
| **Materiais e recursos** | Materiais de refugallo como tapóns, bolsas ou cartóns e tamén material escolar básico como lapis, papel e cores. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O material e explicación da actividade súbese de forma semanal a Aula virtual do centro e para o alumnado sen conectividade de forma impresa.<br><br>O titor/a mantén un contacto coas familias que lle permite actualizar a información en relación á subida de actividades.<br><br>Unha vez feitas as actividades poden achegalas a través da Aula virtual, do correo electrónico ou telefónicamente. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago
CURSO: 3ºEducación Primaria
MATERIA: Relixión e Moral Católica

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Descubrir que Xesús é amigo e ámanos.<br>Valorar que os cristiáns levan a cabo unha vida ligada á súa fe en Xesús.<br>Responder preguntas referidas á súa propia identidade.<br>Elixir as actitudes axeitadas para quererse un mesmo.<br>Identificar unha mensaxe sobre Xesús amigo | Coñece e valorar a súa forma de ser.<br>Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...). |
| Tomar conciencia de que Deus axuda ao ser humano sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forzas para vencer os erros.<br>Identificar as persoas que o coidan e valorar ese coidado como un reflexo do amor de Deus Pai.<br>Explicar a oración do Nosopai como mostra da confianza en Deus | Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas por as que está agradecido. |
| Nomear virtudes de María que son modelo para os cristiáns.<br>Discriminar, froito da reflexión, accións propias e alleas que poden ser boas ou malas. | Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesús. |
| Comprender que os cristiáns ven en Xesús o amor e a bondade de Deus.<br>Propoñer accións concretas para que diversas persoas se sintan salvadas e felices.<br>Identificar boas novas e compartir a alegría que orixinan | Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos |
| Comprender que a Xesús seguírono moitos, que vían nel o amor e a bondade de Deus.<br>Identificar as actitudes máis importantes para coidar a amizade.<br>Ter presente que significa seguir a Xesús e vivir segundo o seu mandamento do amor.<br>Explicar como os amigos de Xesús seguen a súa mensaxe. . | Identifica o mandamento do amor con accións como axudar, acoller, traer a paz... |
| Coñecer e valorar o mandamento do amor a Deus e ao próximo, sabendo que o próximo é calquera persoa necesitada.<br>Coñecer e valorar que o amor de Xesús non exclúe nin sequera os inimigos.<br>Recoñecer os Dez Mandamentos como normas de comportamento que axudan a ser felices | Recoñece que o mandamento máis importante é o amor a Deus e ao próximo e deduce que actitudes están de acordo con este mandamento. |
| Reflexionar ante as propias accións, que poden ser boas ou malas, e recoñecer que ás veces temos fallos e erramos.<br>Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoa ao que se arrepinte.<br>Comprender que igual que somos perdoados por Deus tamén nós | Identifica o perdón como unha nova oportunidade de ser amigos de Deus e dos demais, a partir da súa experiencia de sentirse perdoado |

| | |
|---|---|
| debemos perdoar e ser misericordiosos cos demais. | |
| Coñecer que canto fixo Xesús por nós é porque nos ama máis que ningén e quere que o sigamos.<br>Tomar conciencia de que a orixe da Eucaristía é a Última Cea de Xesús e relacionala coa súa morte e resurrección. | Sabe aplicar na relación cos amigos e familiares algúns valores xerados na persoa de Xesús, como a humildade, o servizo e o amor.<br>Coñecer o significado da Pascua cristiá |
| Amosar agradecemento pola Creación, pola natureza, pola propia vida, polos xestos de amor...<br>Ser capaz de expresar admiración pola beleza.<br>Distinguir as accións correctas para coidar da Creación e das persoas.<br>Identificar o coidado da Creación co coidado das persoas | Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe.<br>Amosar actitudes de agradecemento pola vida |

## 2. Avaliación e cualificación

**Avaliación**

Procedementos:
Seguimento da avaliación continua individualizada.
Seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Valoración do esforzo realizado.

Instrumentos:
Aula Virtual, E-dixgal, correo electrónico, Cisco Webex, rúbricas.

**Cualificación final**

Procedemento para obter a cualificación final de curso:
As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.
Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.
Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota sóbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redondéase a esa unidade.

| 1ª | 2ª | Media | 50% ou máis | Menos do 50% |
|---|---|---|---|---|
| 7 | 5 | 6 | 7 | 6 |
| 6 | 5 | 5,5 | 6 | 5 |
| 8 | 9 | 8,5 | 9 | 8 |

O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.
Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .
Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | .- Xesús tiña moitos amig@s. Ti tamén tes moitos amig@s. Sabes coidalos? Tes que elaborar unha lista de actitudes que fortalecen a amizade.<br>.- Colorea a palabra Amizade. Debuxa arredor aos teus amig@s e a ti. Escribe os seus nomes.<br>.- Inventa un poema sobre os amig@s, ten que ter polo menos dúas estrofas. Para axudarte pensa como son, que é o que che gusta del@s, como o pasades cando estades xuntos.<br>Lembra o importante é intentalo e facelo o mellor posible. Non teñas medo a equivocarte. Ánimo ti podes.<br>.- Debuxa tres paquetes de regalo, debuxa dentro do primeiro un sorriso, no segundo un bico e no terceiro un abrazo. Escribe debaixo de cada paquete o nome da persoa a quen llo regalas e o por que.<br>-Le o un breve fragmento do relato "As pitas baixo a chuvia" que escribiu Ricardo Carvalho Calero, e despois fai as actividades seguintes:<br>Colorea o debuxo de Ricardo cando era neno e as pitas.<br>Completa este carné cos datos do teu animal favorito. Cóntanos algo sobre el.<br>- Inventa un poema sobre a túa familia.<br>- A caixa das emocións<br>Precisamos:<br>- Unha caixa baleira (de zapatos, de cereais, pode ser calquera que teñas pola casa).<br>- Papel ou folio.<br>- Tesoiras e pegamento.<br>Realización:<br>- Forra a caixa con papel, pode ser de regalo, de revista, de embalar, calquera vale.<br>- Nun papel escribe en letras grandes o nome "A caixa das emocións".<br>- Pégao na caixa e decóraa. Deixa voar a túa imaxinación.<br>Pero... a caixa non vai a estar baleira, imos enchela de emocións. Fíxate no exemplo:<br>- Cor vermello: ENFADADO<br>Cando estou enfadado o manifesto.......<br>- Cor verde: CALMA<br>Me relaxa.......<br>- Cor amarelo: ALEGRÍA<br>Síntome feliz cando.....<br>- Cor azul: TRISTURA<br>Síntome mal cando alguén me dí....<br>Lembra mirar dentro da túa caixa cada vez que sintas unha de esas emocións e lee o que escribiches.<br>- Inventa unha poesía sobre a Virxe María. Colorea o debuxo.<br>- Pensa na oración do Nosopai, inventa ti unha dando grazas a persoa ou persoas que te coidan.<br>- Di que persoas tes como modelo e cal é a razón, explica que aprendes de cada unha delas.<br>- Identifica diversas accións para coidar e axudar a conservar a Creación.<br>- Explica que xeito tes ti de colaborar no coidado da natureza.<br>- Reflexiona e escribe o teu compromiso para mellorar como persoa e axudar a construír un mundo mellor, menos contaminado.<br>- Pensa un desexo para as túas vacacións,fai a silueta das túas mans, escribe nunha o teu desexo e na outra debúxao. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen** | A metodoloxía aplicada supón unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso, de xeito que se avalíe o nivel do logro acadado, tendo en conta as circunstancias excepcionais deste curso. Traballase fundamentalmente a |

| | |
|---|---|
| **conectividade)** | través da utilización de ferramentas Tic, de xeito que lles sexa útil ao alumno na busca de información ou na resolución das tarefas plantexadas procurando a integración na súa vida como ferramentas de construción e manipulación que forman parte da cultura e que hai que aprender a dominar e integrar. |
| **Materiais e recursos** | Fundamentalmente aula virtual, E-DIXGAL, correo electrónico, correo ordinario dende o centro, de xeito que todos teñan acceso a mesma actividade. Aínda que supón unha desigualdade enorme que uns teñan acceso a internet e outros non o que lles dificulta a realización das mesmas. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través da web do cole, da aula virtual, de E-DIXGAL ou por correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |